

# **INFORME CLIMATOLÓGICO MES DE MARZO DE 2022**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES .....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	6
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.....	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2022.....	17
6	PRECIPITACIÓN.....	18
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....	19
6.2.	Días de chuvia en marzo de 2022.....	20
6.3.	Evolución da precipitación en marzo de 2022.....	22
7	VENTO.....	23
8	RADIACIÓN SOLAR .....	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.....	28
9	RAIOS.....	29

### Anexos:

#### Resumo mensual

**Calendario de marzo de temperatura mínima**

**Calendario de marzo de temperatura máxima**

**Calendario de marzo de precipitación acumulada**

**Calendario de marzo de refacho máximo**

**Data edición: 05/04/2022**



**Mes húmido e normal en temperatura.****1 INTRODUCCIÓN**

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
=< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>=máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
=< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>=máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de marzo tivo dúas partes claramente diferentes. Na primeira metade do mes as situacións invernaís con precipitacións e baixas temperaturas foron predominantes, mentres que a segunda metade foi máis seca con temperaturas algo superiores ao normal nesta época do ano, pero sempre cun certo grao de inestabilidade e polo tanto con poucos días de ceo aberto. Isto fai que as chuvias fosen superiores ás normais pero que as temperaturas medias non se afasten demasiado dos valores normais neste mes.

Así, o propio día 1 tivemos a visita dunha fronte fría que deixaba chuvia en toda a Comunidade durante a mañá e o día 2 dúas fronteas atravesaban de novo Galicia, deixando chuvias cuantiosas e xeneralizadas.

Entre os días 3 e 6 quedamos na influencia dun corredor que achegaba ventos do norte, deixando algúns chuvascos, aínda que bastante escasos en xeral, pero sobre todo temperaturas baixas, con xeadas en moitos puntos do interior.

O día 7 cambiaban os ventos a compoñente sur e esa mesma tarde chegaba a primeira fronte con chuvias bastante xeneralizadas. Dicimos a primeira xa que entre a tarde do día 7 e a xornada do 14 Galicia estivo sometida a chegada de borrascas e fronteas de xeito continuo que deixaron chuvias intensas ao longo dese período ademais de ventos que por momentos sopraron con forte intensidade. Isto fixo que nestes días houbera que dar numerosos avisos por distintos parámetros (vento, chuvia, ondas).

A borrasca do día 14 foi a borrasca Celia que se moveu cara ao sur e marcou un cambio de tendencia no mes xa que nos seguintes días as borrascas tiveron unha traxectoria semellante, localizándose no sur da península Ibérica. O máis salientable da xornada do 15 foi que esa borrasca Celia achegou unha masa de aire de orixe norteafricano que ademais de ocasionar un ascenso nas temperaturas deixou unha importante entrada de po Sahariano que se mantivo aínda na xornada do 16.

Os dous días seguintes, 17 e 18 quedamos nunha situación anticiclónica aínda que con algunhas nubes medias e altas e chuvascos ocasionais no sur e o 19 pola contra os chuvascos, se producían maioritariamente no terzo norte.



O día 20 comezaba a primavera astronómica, de novo cun ambiente de inestabilidade atmosférica pola presenza de aire cálido en superficie e frío en altura, que deixaba sensación de bochorno e algúns chuvascos ocasionais no sur.

Entre o 21 e o 23 Galicia continuou entre as altas presións do norte de Europa e as baixas do sur da península Ibérica, polo tanto nun ambiente atmosférico moi indefinido que deixaba ceos parcialmente nubrados, temperaturas suaves e algunhas chuvias illadas e ocasionais, algo máis consistentes na xornada do 22.

Os días 24 e 25 as altas presións estiveron algo máis preto, polo que a estabilidade foi en aumento e os ceos quedaron máis abertos, co conseguinte ascenso das temperaturas máximas, pero a partir do 26 de novo volveron as situacións intermedias, co ceo alternando nubes e claros, sensación de bochorno e algún chuvasco ocasional. Todo isto ata o derradeiro día do mes que quedou marcado polo paso dunha fronte fría, as chuvias xeneralizadas e a importante baixada das temperaturas.

### 3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

A configuración de anomalías de presión tanto en superficie (Figura 1), como en altura (Figura 2), máis acusada, mostra unha anomalía negativa que afecta a gran parte da Península, que da conta das sucesivas borrascas que se sucederon neste mes de marzo. O anticiclón centroeuropeo atópase moi fortalecido tal e como mostra a forte anomalía positiva que se observa en ambas imaxes. Este anticiclón foi o responsable de que as borrascas se movesen polo sur da Península Ibérica.

#### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Marzo-2022.

#### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Marzo-2022.



#### **4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

**A CORUÑA**

	MARZO 2022 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.9/12.9	12.3	15.0 (1997)	9.2 (1971)
Tª mínima media	9.7/9.6	9.2	11.2 (1997)	6.3 (1971)
Tª mínima absoluta	3.7/3.5 (día 7)	0.6 (01/03/1993)		
Tª mínima máis alta	13.5/14.1 (día 20)	17.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	16.0/16.1	15.4	19.4 (1997)	12.0 (1971)
Tª máxima absoluta	21.2/21.7 (día 21/20)	28.2 (29/03/1965)		
Tª máxima máis baixa	11.1/11.6 (día 6)	6.4 (07/03/1971)		
Precipitación acumulada	100	50-80	262 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	12	12	26 (2001)	0 (1997)

*Comentario:* Mes cálido tendo en conta as temperaturas mínima e media, mentres que para a máxima foi moi cálido.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido. Porén, o número de días de chuvia acadou o valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2022. Temperatura: 1948-2022.

**SANTIAGO**

	MARZO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.8	11.3	14.7 (1997)	8.4 (2018)
Tª mínima media	6.5	6.5	9.1 (2001)	4.1 (1984)
Tª mínima absoluta	-0.4 (día 7)	-4.2 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	11.1 (día 20)	13.8 (26/03/2006)		
Tª máxima media	15.1	16	22.1 (1997)	11.6 (2008)
Tª máxima absoluta	21.7 (día 27)	28.6 (24/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	10.5 (día 13)	5.6 (01/03/1993)		
Precipitación acumulada	142	96-151	637 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	13	13	29 (2001)	0 (1997)

*Comentario:* Mes frío tendo en conta as temperaturas máxima e media, mentres que para a temperatura mínima o mes resultou normal.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais, como tamén o está o número de días de chuvia.

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2022. Temperatura: 1982-2022.



## LUGO

	MARZO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.4	9.5	12.6 (1997)	6.1 (1984)
Tª mínima media	3.5	4.0	6.9 (2001)	1.8 (1984)
Tª mínima absoluta	-2.0 (día 7)	-8.4 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	7.3 (día 26)	16.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	15.3	14.9	21.9 (1997)	9.5 (1970)
Tª máxima absoluta	23.1 (día 27)	28.0 (31/03/2021)		
Tª máxima máis baixa	10.1 (día 16)	4.0 (01/03/1993)		
Precipitación acumulada	88	48-81	305 (2018)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	11	11	26 (2001)	0 (1997)

*Comentario:* Mes normal tendo en conta as temperaturas mínima e media, mentres que para a máxima o mes foi cálido.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, resultando un mes húmido. Porén, o número de días de chuvia acadou o valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2022. Temperatura: 1981-2022.

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MARZO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.3	12.0	14.5 (1997)	8.9 (1970)
Tª mínima media	7.2	6.6	9.3 (2001)	3.4 (1970)
Tª mínima absoluta	0.5 (día 7)	-3.5 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	11.2 (día 20)	15.0 (31/03/1965)		
Tª máxima media	17.5	17.4	22.6 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	26.1 (día 24)	28.9 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	13.2 (día 13)	8.6 (19/03/1980)		
Precipitación acumulada	123	87-131	571 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	13	12	29 (2001)	0 (1997)

*Comentario:* Mes normal tendo en conta as temperaturas máxima e media, mentres que para a temperatura mínima o mes resultou cálido.

A precipitación rexistrada estivo dentro do rango de valores normais, mentres que o número de días de chuvia, foi lixeiramente superior ao agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2022. Temperatura: 1958-2022.

**OURENSE**

	MARZO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.3	11.9	14.8 (1997)	8.5 (1984)
Tª mínima media	5.1	5.0	9.3 (2001)	1.0 (1973)
Tª mínima absoluta	-0.8 (día 7)	-6.8 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	9.9 (día 26)	15.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	17.6	18.7	25.4 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	24.0 (día 27)	30.6 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	12.3 (día 13)	5.6 (13/03/1984)		
Precipitación acumulada	87	38-50	298 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	13	9	26 (2001)	0 (1997)

*Comentario: Mes frío tendo en conta as temperaturas máxima e media, mentres que para a mínima o mes considérase normal.*

*A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi superior ao valor climático agardado.*

*Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2022. Temperatura: 1972-2022.*




## 5 TEMPERATURA

As temperaturas comezaron o mes cunha clara anomalía negativa, pero foron recuperando parte do perdido na segunda quincena, aínda que a presenza de nubes medias e altas fixo que os valores nestes días non fosen moi elevados.

### 5.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de marzo para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 3 foi de 13.8 °C. Con excepción das zonas de alta montaña, o valores foron suaves en xeral. Así, os valores máis altos rexistráronse nas localidades limítrofes co Miño Ourenzá, con valores próximos aos 18.6 °C. Os valores máis baixos déronse no macizo de Manzaneda e en Pena Trevinca, aproximándose aos 2.7 °C.



**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de marzo de 2022.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de marzo, a partir dos valores do mapa da Figura 4, para o territorio galego foi de 4.7 °C. Os valores máis baixos rexistráronse no macizo de Manzaneda e en Pena Trevinca acadando os -1.8 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse principalmente na península do Morrazo seguida pola comarca de Vigo, onde as mínimas acadaron valores de ata 10.6 °C.





Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de marzo de 2022.



### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

O mapa de anomalías de temperatura media presenta unha banda que se estende por Ourense, o Deza e o val do Ulla, cuxa explicación pode estar no comportamento anómalo da segunda quincena do mes, con nubes medias e altas e algúns fenómenos tormentosos que afectaron máis a estas zonas. Nesta banda atópanse os valores máis baixos de anomalía de temperatura que nalgúns casos acada os  $-1.3\text{ }^{\circ}\text{C}$ . Os valores máis altos atópanse na comarca de Ferrol, e puntos illados da comarca de Coruña e localidades das provincias de Lugo e Pontevedra. Nestes puntos a anomalía acada un valor de  $+1.3\text{ }^{\circ}\text{C}$ . A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de  $-0.1\text{ }^{\circ}\text{C}$ .



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media ( $^{\circ}\text{C}$ ) de marzo de 2022 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse principalmente nas comarcas do norte da provincia de A Coruña. As máis baixas (Táboa 2) rexistráronse principalmente en Ribeira Sacra e Valdeorras.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Estación	Concello	anomalía (°C)
Cambre	A Coruña	0.9
Cedeira	A Coruña	0.8
Cariño	A Coruña	0.7
Bergondo	A Coruña	0.7
Betanzos	A Coruña	0.7
Valdoviño	A Coruña	0.6
Cerdido	A Coruña	0.6
Negueira de Muñiz	Lugo	0.6
Narón	A Coruña	0.6
Vilaboa	Pontevedra	0.5

**Táboa 1:** Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de marzo de 2022.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Estación	Concello	anomalía (°C)
Rubiá	Ourense	-1.1
Sober	Lugo	-1.0
Esgos	Ourense	-1.0
Monforte de Lemos	Lugo	-1.0
Nogueira de Ramuín	Ourense	-0.9
Parada de Sil	Ourense	-0.9
Xunqueira de Espadanedo	Ourense	-0.9
Vilariño de Conso	Ourense	-0.9
Boqueixón	A Coruña	-0.8
Teixeira (A)	Ourense	-0.8

**Táboa 2:** Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de marzo de 2022.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de marzo de 2022 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Principalmente as xornadas do 24 e o 27 foron as máis calorosa por debaixo dos 1000m, mentres que a xornada do día 15 tamén destacou nas altitudes máis elevadas.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2022 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/03/2022	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	26.2
24/03/2022	Lourizán	PONTEVEDRA	Pontevedra	26.1
24/03/2022	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	25.4
27/03/2022	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	24.8
24/03/2022	Atios	PORRIÑO (O)	Pontevedra	24.5
24/03/2022	Porto de Marín	MARÍN	Pontevedra	24.5
24/03/2022	Sanxenxo	SANXENXO	Pontevedra	24.4
27/03/2022	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	24.4
27/03/2022	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	24.4
24/03/2022	Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	24.3

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en marzo 2022, altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2022 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
15/03/2022	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	16.4
24/03/2022	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	16.4
27/03/2022	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	16.3
15/03/2022	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	16.3
27/03/2022	Xurés	MUIÑOS	Ourense	16.2
27/03/2022	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	16.1
27/03/2022	Ancares	CERVANTES	Lugo	15.5
15/03/2022	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	14.9
27/03/2022	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	14.7
28/03/2022	O Xistral	MURAS	Lugo	14.6

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en marzo de 2022, altitude maior a 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de marzo de 2022 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Por riba dos 1000 m destacaron as xornadas do 6 e o 7, mentres que por debaixo destacou a xornada do día 7.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2022				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
06/03/2022	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-6.9
06/03/2022	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-6.8
06/03/2022	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-5.7
07/03/2022	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-4.8
06/03/2022	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-4.7
06/03/2022	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-4.4
06/03/2022	Ancares	CERVANTES	Lugo	-4.3
07/03/2022	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-3.8
07/03/2022	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-3.7
05/03/2022	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-3.1

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en marzo de 2022, altitude maior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2022				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
07/03/2022	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-5.9
07/03/2022	Baltar	BALTAR	Ourense	-5.4
07/03/2022	Feiranova-Santaballa	VILALBA	Lugo	-4.1
07/03/2022	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-4.0
07/03/2022	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-3.5
07/03/2022	Morelle	SARRIA	Lugo	-3.4
07/03/2022	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-3.3
07/03/2022	Ordes	ORDES	A Coruña	-3.3
07/03/2022	Olveda	ANTAS DE ULLA	Lugo	-3.2
07/03/2022	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-3.1

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en marzo de 2022, altitude menor a 1000m.

## 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2022.

Na Figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2022 para esta serie foi 10.8 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2022 para marzo.

A anomalía media da temperatura para este mes de marzo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -0.1 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. As temperaturas máximas foron tamén normais (-0.4 °C) mentres que sen embargo, as mínimas foron lixeiramente cálidas (+0.3 °C). O precedente máis cálido xa o atopamos no anterior ano 2021.





Figura 7: Evolución de anomalía de temperatura media en marzo, respecto ó período 1981-2010.



## 6 PRECIPITACIÓN

As chuvias da primeira quincena do mes deron conta en xeral do acumulado dun mes de marzo húmido. Isto quere dicir que aínda que as precipitacións da segunda quincena foron máis irregulares, nalgúns puntos foron suficientes para que se superase a normalidade na precipitación.

Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de 126 L/m<sup>2</sup>. As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse na comarca do Sar, seguidas polas comarcas do Xallas e Barcala, onde se acadaron localmente os 285 L/m<sup>2</sup>. Moitas localidades das comarcas de Valdeorras acadaron os valores máis baixos de precipitación en Galicia, entornando aos 20L/m<sup>2</sup>.




**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de marzo de 2022.



### 6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.


No mapa da Figura 5 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de marzo con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 8 % superior ao período de referencia 1981-2010. A distribución das porcentaxes de precipitación presenta un gran contraste entre o interior das provincias de A Coruña, Lugo e Ourense, húmidas e, o norte da comunidade, a provincia de Pontevedra e lo leste da provincia de Ourense con porcentaxes por debaixo do normal. A porcentaxe máis alta de precipitación acadouse na Baixa Limia, pero tamén en localidades da provincia de Lugo, con valores de ata un 80% superior ao normal, mentres que os valores máis baixos acadáronse principalmente na comarca de Vigo cun 69 % por debaixo do valor climático.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de marzo de 2022.

## 6.2. Días de chuva en marzo de 2022

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m<sup>2</sup>) foi de 12.7. Os valores máis altos acadáronse na Mariña Central, con 18.9 días de chuva. Pola contra, na comarca de Valdeorras acadáronse os valores máis baixos no número de días de chuva aproximáanse a 9 días.



**Figura 10:** Días de chuva superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de marzo de 2022.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de marzo. As precipitacións acumuladas máis altas superaron os 150 L/m<sup>2</sup>, principalmente na provincia de A Coruña. Unha das xornadas máis chuviosas foi a do 10 de marzo, con valores próximos superiores a 40 L/m<sup>2</sup> nalgunhas localidades.

Precipitacións acumuladas máximas en marzo de 2022			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Muralla	LOUSAME	A Coruña	283
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	222
Cespón	BOIRO	A Coruña	212
Castrove	POIO	Pontevedra	211
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	207
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	202
Labrada	ABADÍN	Lugo	199
Corno do Boi	FRIOL	Lugo	195
Coto Muíño	ZAS	A Coruña	191
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	190

**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de marzo de 2022.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	47	10/03/2022 08:20
Lesende	LOUSAME	A Coruña	44	08/03/2022 15:20
Castrove	POIO	Pontevedra	43	01/03/2022 07:10
Cespón	BOIRO	A Coruña	41	10/03/2022 14:00
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	39	10/03/2022 14:30
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	39	10/03/2022 13:00
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	39	10/03/2022 13:30
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	39	10/03/2022 11:40
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	39	08/03/2022 15:00
Xurés	MUIÑOS	Ourense	38	22/03/2022 08:10

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de marzo de 2022.

### 6.3. Evolución da precipitación en marzo de 2022

Na Figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2022, para esta serie, foi 113 L/m<sup>2</sup>.




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2022 para marzo.

A anomalía media das precipitacións para este mes de marzo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 20 % superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis seco foi 2020.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en marzo, respecto ó período 1981-2010.





## 7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Na táboa 9 obsérvase que foron bastantes as estacións que rexistraron ventos superiores ao limiar especificado, ademais nestas localidades acadouse este limiar en varias xornadas, destacando as do 10 e do 12. A dirección de vento predominante foi a de compoñente E, con algunhas localidades cunha elevada porcentaxe de calmas.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en marzo				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
12/03/2022	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	131.5
11/03/2022	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	114.9
09/03/2022	O Xistral	MURAS	Lugo	113.8
12/03/2022	Burela	BURELA	Lugo	112.4
12/03/2022	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	106.4
10/03/2022	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	105.5
10/03/2022	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	104.1
10/03/2022	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	103.6
16/03/2022	Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	102.9
12/03/2022	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	102.5

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de marzo de 2022.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	88.7	NE	8		
		Día 18				
Pta. Candieira	Cedeira	94.1	NE	14		
		Día 17				
Malpica	Malpica	88.4	E	6		
		Día 11				
Marco da Curra	Monfero	85.1	SE	3		
		Día 10				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de marzo de 2022 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	131.5	E	3		
		Día 12				
Campus Lugo	Lugo	64.2	N	55		
		Día 12				
Ancares	Cervantes	91.1	S	5		
		Día 9				

Táboa 11: Resumo vento no mes de marzo de 2022 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	99.3	S	7		
		Día 15				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Rodicio	Maceda	78.8	NE	9		
		Día 14				
Gandarela	Celanova	60.7	SE	24		
		Día 10				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de marzo de 2022 na provincia de Ourense.


PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	102.9	S	4		
		Día 16				
Cíes	Vigo	90.8	E	15		
		Día 9				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de marzo de 2022 na provincia de Pontevedra.




## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual



**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de marzo de 2022.


## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.


## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de Meteogalicia rexistrou neste mes de marzo 204 raios, a maior parte deles na xornada do 28 (Figura 15).



**Figura 15:** Número de raios por día detectados en Galicia en marzo de 2022.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na Figura 16 a maioría dos raios foron detectados na provincia de A Coruña, mentres que en Ourense tan só se detectaron 5 raios.



**Figura 16:** Número de raios detectados por provincia en Galicia en marzo de 2022.



Na Figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en marzo en Galicia dende o ano 2010 ao 2022. Pódese observar que este marzo detectáronse un número de raios máis ou menos normais cos rexistrados na serie, na que destaca o ano 2018.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en marzo dende 2010 a 2022.

MeteoGalicia  
Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático  
Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático  
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 3

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>A Coruña</b>																											
A Gándara	9.6	13.06	19.4	27	6.9	2.7	7	156	27.1	3	94	84	95	69	44	160	1215	22	103	10	968	16	0				
Aldea Nova	10.5	14.74	21.0	27	7.3	2.3	7	156	23.0	3	89	82	97	64	40	146	1206	9	67	12	984	18	0				
Arzúa	9.4	15.04	22.1	27	4.3	-3.1	7	164	27.5	3	102	82	99	56	39	142	1150	6	57	9	974	14	4				
Camariñas	12.0	14.57	19.6	20	9.1	2.4	7	99	15.0	13	23	79	92	63	51	188	1340	19	82	12	1016	13	0				
Cariño	11.8	14.27	19.6	21	9.2	4.0	7	117	27.6	3	52	82	94	68	37	137	1113	15	84	10	1016	17	0				
Cespón	12.0	17.39	23.1	27	7.1	1.4	7	211	37.7	9	137	76	94	54	44	163	1213	7	56	10	1011	13	0				
CIS Ferrol	11.9	16.1	22.5	27	8.3	1.5	7	122	21.6	3	47	75	92	55	43	157	1217	10	65	13	1013	19	0				
Corrubedo	12.5	17.02	23.5	24	9.1	3.9	7	124	30.1	9	41	69	83	53	41	152	1247	10	80	12	1013	14	0				
Coruña-Dique	12.0	14.9	19.9	19	9.2	2.1	7	70	17.2	3	**	72	87	55	**	**	**	18	83	12	1015	14	0				
*Coto Muiño	9.1	14.58	20.7	27	3.8	-2.2	7	190	38.0	9	**	85	99	63	**	**	**	5	58	10	**	16	4				
Fontecada	9.0	13.26	19.4	28	5.2	-1.3	7	206	38.7	9	144	79	92	60	39	144	1121	12	76	9	973	14	1				
*Guísamo	11.1	15.4	21.2	27	7.6	1.1	7	137	29.3	3	**	79	96	57	**	**	**	5	50	10	996	16	0				
*Lesende	11.3	15.64	21.7	24	7.3	1.4	7	188	43.8	9	93	80	96	58	41	152	1181	6	69	12	996	14	0				
Lira	12.1	15.22	22.0	24	9.4	4.7	7	113	22.9	9	22	72	85	57	49	181	1359	22	88	18	**	14	0				
Mabegondo	10.5	16.33	22.6	27	4.9	-2.4	7	124	31.5	3	60	84	99	59	40	147	1212	7	64	13	1006	16	4				
Malpica	10.9	14.51	20.3	27	8.3	4.4	5	104	25.3	3	43	87	98	71	48	178	1278	21	88	11	997	16	0				
Marco da Curra	7.6	11.76	18.8	27	4.6	-0.3	7	133	19.8	3	76	84	96	64	37	137	1154	18	85	10	941	18	1				
Melide	8.9	15.26	22.6	27	3.8	-1.6	10	138	19.4	31	74	79	95	55	37	135	1122	7	53	9	961	13	5				
Muralla	8.2	11.47	17.5	27	5.7	1.0	7	282	40.1	9	229	86	95	71	39	145	1110	24	89	12	939	15	0				
*O Val	11.5	16.07	21.9	27	7.1	0.0	7	144	23.6	9	**	80	95	62	**	**	**	4	48	12	1008	16	1				
Olas	9.1	13.88	21.2	27	5.3	-0.3	7	180	32.6	3	116	82	96	61	40	147	1195	12	70	10	**	17	1				
*Ordes	9.6	15.18	23.5	27	4.1	-3.3	7	160	24.2	9	**	79	93	56	**	**	**	4	48	17	984	16	3				
*Paramos	9.3	13.9	20.3	27	5.2	-0.3	7	221	28.8	9	**	79	91	60	**	**	**	7	47	17	973	17	2				
*Pazo de Galegos	11.1	15.9	23.1	27	6.9	0.6	4	136	21.9	9	65	80	95	59	38	142	1178	6	46	12	990	14	0				
Punta Candieira	10.8	13.14	19.3	27	8.6	4.9	6	72	20.3	3	--	76	90	62	39	144	1160	21	94	17	986	18	0				
Punta Langosteira	12.1	14.32	19.0	19	9.6	4.4	7	63	19.5	9	**	78	91	62	43	158	1190	20	106	12	1014	14	0				
Río do Sol	8.3	12.51	19.9	27	5.4	0.5	7	188	28.5	3	128	83	94	64	39	143	1152	20	86	10	823	17	0				
*Rus	10.6	16.05	22.0	27	5.3	-1.2	7	186	35.3	3	**	87	100	64	**	**	**	4	47	12	1001	17	1				
Sálvora-Pazo	12.7	15.63	20.0	27	10.5	6.2	7	115	21.7	10	29	77	89	60	49	182	1355	22	78	17	**	13	0				
Santiago-EOAS	10.4	15.07	21.7	27	6.5	-0.4	7	142	25.4	3	72	77	91	55	37	138	1143	15	71	9	987	16	1				
Santiago-San Lázaro	10.2	14.55	20.2	27	6.4	-1.3	7	113	19.9	3	35	78	92	58	41	152	1185	10	73	10	980	14	**				
Sergude	9.1	14.22	22.4	27	4.9	-1.1	7	148	25.4	9	**	77	92	53	34	125	1080	**	**	**	**	15	2				
Serra da Faladoira	8.0	11.86	18.4	27	5.4	1.3	7	166	35.0	3	109	83	95	67	36	133	1122	19	86	12	949	16	0				

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 3

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Lugo</b>																											
A Pontenova	9.3	14.15	22.2	27	5.8	0.2	5	120	27.1	3	**	79	96	60	31	115	1028	15	102	12	**	**	**	**	17	0	
Abradelo	7.8	12.54	18.7	15	4.3	-1.1	6	104	24.2	3	**	73	89	53	33	120	1092	**	**	**	**	**	**	**	16	3	
*Alto do Faro	6.9	11.49	17.8	27	3.3	-1.4	7	103	13.8	3	**	91	100	69	**	**	**	6	54	17	919	**	**	**	17	5	
*Alto do Poio	3.6	7.44	14.6	27	0.7	-4.4	6	173	28.5	3	**	85	96	66	**	**	**	13	66	14	**	**	**	**	16	15	
Ancares	4.0	7.83	15.5	27	1.0	-4.3	6	85	26.7	3	18	81	93	62	32	119	1073	**	91	9	862	**	**	**	17	12	
*Borreiros	10.5	15.41	20.8	21	6.2	-0.2	7	113	26.5	3	55	84	97	63	33	120	1037	5	63	9	1009	**	**	**	18	2	
Bóveda	9.6	15.82	23.4	27	4.4	-1.4	7	92	18.3	3	29	81	99	52	36	133	1123	6	55	11	966	**	**	**	15	3	
Burela	9.4	12.68	18.7	19	7.0	3.6	7	67	18.1	3	3	79	91	65	36	131	1100	16	112	12	967	**	**	**	18	0	
Campus Lugo	8.9	15.29	23.1	27	3.5	-2.0	7	87	17.6	3	27	84	100	53	35	129	1144	5	64	12	970	**	**	**	17	3	
Castro R. de Lea	8.4	14.22	21.3	27	3.5	-2.9	7	101	19.3	3	**	85	99	60	39	143	1175	**	**	**	967	**	**	**	18	5	
Conchada	8.8	14.27	22.0	27	4.7	-1.1	6	85	20.6	11	**	79	94	59	35	130	1107	**	**	**	**	**	**	**	15	3	
Corno do Boi	7.0	11.47	18.7	27	3.8	-1.2	7	194	28.9	3	137	84	96	64	38	140	1171	12	67	10	**	**	**	**	19	3	
Cospeito	8.2	14.2	22.0	27	3.0	-2.6	7	106	18.6	3	47	88	100	58	37	139	1179	7	57	12	**	**	**	**	19	5	
Courel	7.8	12.27	19.1	27	4.5	-1.5	7	121	21.6	11	54	72	89	51	30	111	1017	11	70	3	927	**	**	**	13	3	
Feiranova-Santaballa	8.0	13.56	21.0	27	3.1	-4.1	7	112	17.6	3	57	91	100	67	37	136	1188	7	66	9	**	**	**	**	18	4	
Fontaneira	6.3	10.82	18.2	27	3.1	-1.4	6	133	32.2	3	78	81	93	61	33	122	1026	18	88	11	903	**	**	**	17	6	
Foz	10.3	14.55	20.4	21	6.5	0.0	5	67	18.6	3	0	80	94	63	38	140	1162	12	98	12	1009	**	**	**	17	1	
Fragavella	7.4	11.02	17.5	27	3.6	-2.5	5	143	26.0	3	92	86	99	67	32	119	1079	14	96	12	947	**	**	**	22	4	
Guitiriz-Mirador	7.5	12.01	18.9	27	4.4	-0.2	7	127	24.0	3	72	86	98	63	35	131	1116	9	54	12	937	**	**	**	18	1	
*Labrada	7.4	11.11	18.5	27	4.4	0.1	5	198	26.9	2	142	83	95	65	35	128	1106	11	59	11	**	**	**	**	21	0	
*Lourenzá	10.3	16.05	22.7	28	5.5	-1.6	5	115	22.2	31	**	83	97	60	**	**	**	5	59	12	**	**	**	**	18	2	
Marroxo	8.5	12.74	18.8	27	5.0	-0.4	7	89	18.7	31	27	78	94	57	34	127	1080	10	66	10	942	**	**	**	16	1	
*Míllara	9.6	15.79	23.3	27	4.8	-0.2	18	101	18.2	10	**	80	98	52	**	**	**	5	69	9	**	**	**	**	15	1	
Monforte	9.8	16.45	23.3	24	3.8	-2.4	7	79	13.7	31	23	86	100	54	32	116	1046	3	53	9	**	**	**	**	15	4	
*Morelle	8.8	15.26	22.2	27	2.4	-3.4	7	118	24.1	3	65	84	100	55	28	103	988	4	45	11	968	**	**	**	17	7	
O Cebreiro	3.8	8.75	16.1	27	0.6	-4.7	6	112	21.4	11	68	89	99	69	30	110	991	12	66	3	868	**	**	**	17	14	
O Xipro	7.2	12.25	19.0	27	3.5	-1.5	5	109	26.0	3	47	79	93	57	38	140	1149	12	69	12	925	**	**	**	20	4	
O Xistral	6.1	9.09	14.6	28	3.7	0.0	12	148	27.9	3	110	92	99	79	32	121	1054	34	113	9	**	**	**	**	21	1	
*Olveda	7.9	13.49	20.6	27	3.3	-3.2	7	105	17.2	3	45	82	96	58	36	132	1150	5	57	3	**	**	**	**	15	4	
Pedro Murias	11.3	15.31	20.4	20	7.6	1.6	7	60	21.6	3	-1	85	100	64	35	129	1072	10	76	12	1012	**	**	**	14	0	
Penedo do Galo	8.2	11.34	19.2	27	5.9	2.0	6	110	29.2	3	54	83	95	67	34	124	1059	24	131	12	**	**	**	**	17	0	
Pol	7.8	12.34	19.9	27	4.4	-0.4	5	132	25.2	3	**	81	95	60	39	142	1143	**	**	**	941	**	**	**	19	3	
Portomarín	8.7	14.86	21.8	27	3.2	-2.2	6	92	20.8	3	**	84	100	56	35	129	1134	**	**	**	965	**	**	**	15	5	
Riotorto	9.6	14.87	22.2	27	5.2	-0.6	5	147	25.9	3	87	87	100	60	37	135	1138	6	68	12	**	**	**	**	18	1	
Sambreixo	8.0	13.36	20.4	27	3.2	-3.1	7	130	19.0	3	**	85	99	60	37	137	1145	**	**	**	**	**	**	**	18	5	
*San Clodio	10.3	16.72	23.6	27	4.8	-1.0	5	64	17.6	11	**	79	99	49	**	**	**	3	36	3	987	**	**	**	14	4	
*San Fiz	9.6	15.12	21.7	27	4.8	0.4	7	94	17.5	3	27	79	96	55	39	144	1192	5	43	10	971	**	**	**	15	0	
Santa Cruz	10.3	16.06	22.6	27	5.0	-1.8	5	97	21.1	3	35	84	99	56	34	126	1134	5	69	12	**	**	**	**	18	3	

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 3

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Serra Vacaloura	7.2	11.82	19.1	27	3.8	-1.0	7	92	20.9	3	41	89	98	68	37	138	1162	20	85	10	**	15	3			
Ventosa	7.1	11.5	17.2	27	3.5	-1.8	7	109	32.0	3	46	75	90	56	35	129	1104	12	80	11	911	14	4			
*Vilamor	10.3	15.6	22.1	28	5.6	-2.2	5	105	19.9	31	26	85	99	61	34	126	1081	6	63	12	**	18	3			
*Xabrega	10.0	15.93	22.3	24	5.2	0.0	6	107	18.3	11	32	79	95	53	31	114	1053	5	73	10	979	15	2			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.









Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 3

Provincia Estación	T <sup>a</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m <sup>2</sup>			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m <sup>2</sup>	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m <sup>2</sup>	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Pontevedra</b>																											
*A Armenteira	10.1	14.89	21.9	24	5.3	-1.6	7	152	24.6	13	86	80	95	60	38	141	1160	7	61	10	**	**	**	15	15	1	
A Granxa	11.1	17.5	24.2	24	5.1	-2.7	7	116	19.1	10	53	78	96	51	34	125	1094	3	56	10	1012	**	**	**	15	15	1
A Lanzada	12.2	16.94	22.7	24	7.8	2.7	7	93	15.6	13	13	77	92	59	46	171	1291	16	81	9	**	**	**	13	13	0	
*Areas	12.0	17.29	23.4	24	7.4	2.6	7	123	21.2	10	57	82	98	56	35	128	1119	3	36	29	**	**	**	15	15	0	
*As Eiras	11.7	16.91	22.6	24	6.8	1.7	7	102	15.6	1	35	79	96	55	37	138	1148	4	56	10	1011	**	**	**	15	15	0
Atios	11.2	17.6	24.5	24	5.3	-2.1	7	113	17.9	10	50	88	100	59	37	137	1166	4	63	10	**	**	**	14	14	2	
Baiona	12.6	16.14	21.2	24	8.7	2.4	7	104	16.0	10	29	76	92	56	42	156	1245	10	68	10	**	**	**	14	14	0	
*Barrantes	11.5	16.82	23.5	24	6.3	-0.3	7	113	18.5	13	45	78	94	58	41	150	1171	5	52	10	**	**	**	13	13	1	
Cabo Udra	12.8	16.31	21.5	24	9.9	4.9	7	83	16.3	13	6	79	94	61	44	161	1276	16	93	10	**	**	**	15	15	0	
Caldas de Reis	10.6	15.8	22.2	27	6.9	0.2	7	136	23.0	13	69	77	90	58	33	121	1115	7	55	9	985	**	**	**	13	13	0
*Camanzo	10.8	16.21	22.9	27	5.8	-2.1	7	125	20.4	3	56	78	94	57	37	135	1156	6	59	10	992	**	**	**	15	15	3
Cangas-Porto	12.9	16.17	23.4	24	9.6	4.0	7	67	14.0	3	**	68	83	52	**	**	**	9	60	10	**	**	**	13	13	0	
Castro Vicaludo	9.9	13.22	18.5	24	7.2	1.6	6	110	18.4	10	44	82	91	65	40	146	1172	22	98	9	960	**	**	**	13	13	0
Castrove	9.7	13.64	20.6	24	6.7	2.1	6	210	36.2	13	--	81	92	64	40	149	1215	16	87	10	956	**	**	**	15	15	0
*Cequelíños	11.2	16.32	22.1	24	6.8	1.4	7	86	13.8	10	13	74	90	50	34	125	1100	9	66	9	**	**	**	14	14	0	
Corón	12.5	15.81	20.6	24	9.3	2.7	7	106	18.1	9	20	72	87	55	45	166	1275	17	74	10	1014	**	**	**	14	14	0
*Entenza	11.6	17.34	24.3	24	6.7	0.2	7	102	17.6	10	36	73	93	47	32	118	1068	2	41	12	**	**	**	14	14	0	
Forcarei	8.1	12.45	18.7	27	4.5	-1.7	7	189	26.0	10	131	84	97	63	37	137	1140	16	85	10	**	**	**	18	18	1	
Fornelos de Montes	8.7	12.23	18.1	24	5.9	0.8	6	181	24.9	10	116	78	91	62	32	119	1065	21	102	16	934	**	**	**	15	15	0
Gargamala	11.6	16.52	23.3	24	7.3	0.9	7	130	22.9	3	57	76	94	53	35	131	1137	5	54	9	**	**	**	14	14	0	
Illas Cíes	12.9	16.07	21.4	24	10.1	6.1	7	70	14.0	10	-11	74	89	59	45	165	1267	13	90	9	**	**	**	13	13	0	
Lalín	8.6	13.29	19.6	27	4.6	-2.3	7	107	16.9	3	**	82	97	59	**	**	**	10	54	10	**	**	**	14	14	2	
*Louredo	10.8	15.44	21.9	24	7.2	0.9	7	93	14.8	3	**	85	96	66	**	**	**	3	40	8	987	**	**	**	14	14	0
Lourizán	11.9	17.46	26.1	24	7.2	0.5	7	122	18.2	8	56	79	96	56	35	128	1133	3	43	11	1010	**	**	**	15	15	0
*Meder	11.9	17.21	23.4	24	7.1	1.1	7	90	12.2	10	**	76	95	50	**	**	**	2	41	9	999	**	**	**	13	13	0
Monte Aloia	9.8	14.13	22.5	24	6.5	0.9	7	157	26.7	12	94	82	93	65	34	126	1130	8	74	10	960	**	**	**	15	15	0
Mouriscade	8.3	13.85	20.6	27	2.7	-4.0	7	114	21.3	3	--	81	97	57	40	147	1204	8	59	10	957	**	**	**	16	16	8
O Viso	11.2	16.04	23.9	24	7.7	1.5	7	123	20.0	10	--	70	84	52	36	133	1091	10	63	10	985	**	**	**	14	14	0
Ons	12.1	15.44	20.2	24	9.3	3.7	7	101	16.5	10	-3	78	92	63	49	180	1380	20	83	9	1002	**	**	**	15	15	0
*Pé Redondo	12.1	16.67	23.0	24	8.2	2.0	7	159	27.8	13	90	77	90	60	37	138	1173	3	55	9	**	**	**	13	13	0	
*Ponte Caldelas	10.4	14.69	21.2	24	6.5	0.9	10	161	23.3	10	95	75	89	58	35	130	1078	6	48	17	974	**	**	**	14	14	0
Pontevedra-Campolongo	12.6	18.21	26.2	24	7.7	1.1	7	111	15.6	3	**	72	92	48	**	**	**	3	46	11	**	**	**	15	15	0	
Porto de Vigo	13.4	16.81	24.0	24	10.6	5.7	7	90	16.0	3	5	70	86	54	42	153	1219	12	74	11	1015	**	**	**	15	15	0
Rebordelo	9.9	15.38	22.5	24	4.5	-2.8	7	189	24.5	10	**	79	96	58	34	126	1080	**	**	**	975	**	**	**	15	15	5
San Nomedio	9.0	12.67	19.6	24	6.2	1.5	6	111	13.8	1	52	81	92	65	31	114	1011	18	98	10	**	**	**	13	13	0	
Sanxenxo	12.9	17.03	24.4	24	9.1	2.4	7	115	24.9	13	39	72	89	54	42	154	1243	5	58	9	1012	**	**	**	15	15	0
Serra do Faro	6.0	10.07	16.4	24	2.9	-1.4	6	163	22.6	3	110	83	94	65	36	133	1072	20	83	10	902	**	**	**	17	17	5
*Simes	11.9	16.61	23.6	24	7.3	0.3	7	87	13.8	10	**	75	91	57	40	148	1146	**	**	**	**	**	**	13	13	0	

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 3


Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
*Soutomaior	11.7	16.71	24.1	24	7.8	1.5	7	97	17.9	10	**	79	94	57	**	**	**	3	32	9	996	14	0		
*Torrequeintáns	12.1	17.17	23.6	24	7.5	0.9	7	106	16.9	13	--	81	96	62	43	157	1250	6	61	9	1008	14	0		
*Tremoedo	11.8	16.49	22.3	24	7.4	1.4	7	99	15.1	10	**	73	89	54	**	**	**	4	44	17	1009	13	0		
Vigo	12.5	16.84	24.3	24	9.0	3.9	6	91	15.9	3	**	69	85	52	**	**	**	**	**	**	**	14	0		
Vigo-Campus	10.3	13.53	19.7	24	7.7	3.4	6	115	19.6	10	44	76	87	60	41	150	1205	10	77	12	963	14	0		
Xesteiras	9.4	12.7	18.2	20	7.0	2.0	6	190	23.7	1	**	86	95	71	**	**	**	27	104	10	932	15	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos


\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.

# TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA MARZO 2022






# TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA MARZO 2022





# CHUVIA ACUMULADA DIARIA MARZO 2022





# REFACHO MÁXIMO DIARIO MARZO 2022

